

Ó PLENO DO CONCELLO DA ESTRADA

MARCOS CONDE FARTO, con NIF na súa condición de Secretario Comarcal da Comarca de Pontevedra, da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, e no nome e representación da dita central sindical, con enderezo ós efectos de notificacións no local da C.I.G., Rúa Pasantería 1,36001,Pontevedra. comparece e, como mellor proceda DI:

Que a medio do presente escrito formula RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra o Acordo dese Pleno do 03/06/2021 e publicado no BOP núm. 134/2021, do 15 de xullo polo que se aproba a Relación de Postos de Traballo do Concello, recurso que basea nos seguintes:

MOTIVOS

Solicito a suspensión cautelar da execución do acto administrativo aprobatorio da RPT do Concello da Estrada, en tanto non se resolvan todos os recursos que se interpoñan en vía administrativa e/ou xurisdiccional contencioso-administrativa, por canto, como quedou acreditado (entre outros documentos integrantes do expediente), no preceptivo informe da Intervención municipal de data 26.05.21 (emitido con carácter previo ao amentado acordo e que incluíu un reparo suspensivo de legalidade), o acto indicado é incontrovertiblemente nulo de pleno dereito tendo en conta que, por unha banda,

a) lesionou os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional dos empregados públicos (indefensión dos afectados, arbitrariedade, discriminación, ausencia de motivación, vulneración de dereitos fundamentais dos mesmos, ausencia de transparencia, agravios económicos entre os empregados, desigualdades, heteroxeneidade retributiva, subxectividade do instrumento aprobado, etc.)

b) foi ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (omisión de informes preceptivos – por exemplo, o da propia Secretaría -, omisión do trámite de información pública, etc.); e, c) foi contrario ao ordenamento xurídico de xeito que propiciou ou vai propiciar a adquisición de facultades ou dereitos retributivos carecendo dos requisitos esenciais para iso (transgresión dos límites e normas orzamentarios, quebranto dos límites legais retributivos previstos para o complemento específico dos postos de traballo, obstaculización ao control de legalidade do instrumento aprobado, ausencia de veracidade e/ou insuficiencia dos feitos determinantes que operaron como presuposto das valoracións efectuadas, etc.).

E, por outra banda, porque a súa execución, de non suspenderse inmediata e preventivamente, podería causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ás arcas municipais, tendo en conta que implicaría o desconforme a dereito pagamento de moitos miles de euros en conceptos retributivos e atrasos arbitrariamente calculados á maior parte do persoal municipal, co risco de desestabilizar estruturalmente o propio orzamento municipal para varios anos e coa posibilidade real de que tales retribucións irregulares deban de devolverse con xuros cando máis adiante recaian os pronunciamentos xudiciais que confirmarán a anulación do citado acordo municipal que se impugna”.

Polo exposto, SOLICITA que, tendo por presentado este escrito, teña con el por formulado Recurso Potestativo de Reposición contra o Acordo citado e, na súa virtude o estime, procedendo a suspensión cautelar do mesmo, procedendo de inmediato a realizar unha nova e completa valoración dos postos de traballo do Concello.

En Pontevedra, 20 de xullo de 2021.

Asdo.
CONFEDERACIÓN INTERCOMUNAL GALEGA
Rúa Pasotaría, 1 - 1º
Tel. 986 95 29 53 - Fax 986 95 40 54
Apartado de Correos 413
36080 PONTEVEDRA (GALIZA)